

Programación Cultural 2022

Letras Galegas

CINE • MÚSICA e DANZA • TEATRO • POESÍA MUSICAL



Bibliotecas Públicas
Municipais

1º Premio Nacional María Moliner 2011
Premio Fomento da lectura LIBER 2017



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

Programación Cultural 2022 • Letras Galegas

CINE ► Venres 6 de maio ás 20:30 horas • Auditorio da Fábrica (Perillo)

Sofía Casanova: a obreira do pensamento

■ **Dirección:** Zaza Ceballos e Noelia Muíño

■ **Guión:** Rosa Castro

■ **Reperto:** Isabel Naveira (Sofía Casanova), Tito Asorey (Vicente), Paula Cereixo (Pepa), Mercedes Castro (Dona Rosa), Nuncy Valcárcel (Maruxa), Xosé Esperante (Campos), Fran Paredes (Andrade), Fran Nogueira (Freire), Blanca Cendán (Condesa Allegue) e Arturo Zas (Andrés Martínez)

■ **Ano:** 2022 ■ **Duración:** 100 minutos ■ **Xénero:** histórica

■ **Cualificación:** todos os públicos.

■ **Sinopse:** “Sofía Casanova, a obreira do pensamento”, é unha película baseada na figura desta muller poeta, novelista e xornalista que foi a primeira muller española correspondente de guerra. A crise existencial pola que atravesa, o refuxio na súa Galicia natal e a especial relación que a unirá xa para sempre coa súa criada Pepa, que se converterá no seu pano de bágoas e tamén na súa amiga e confidente. En 1896 Sofía Casanova establécese en Mera durante algún tempo coa súa familia: o seu marido Vicente e as súas dúas fillas María e Izabela. A escritora está sumida nunha profunda depresión que quere superar en Galicia. Este será o punto de partida da película que tratará o lado máis persoal, íntimo e familiar da Sofía Casanova muller máis aló da Sofía Casanova intelectual e xornalista.

● **Entrada gratuita con invitación, que se entregará desde unha hora antes do espectáculo, ata completar a capacidade da sala.**



CINE ► Venres 13 de maio ás 20:30 horas • Auditorio da Fábrica (Perillo)

ONS

■ **Dirección:** Alfonso Zarauza

■ **Guión:** Jaione Camborda, Alfonso Zarauza

■ **Reperto:** Melania Cruz, Antonio Durán, Xulio Abonjo, Anaél Snoek, Marta Lado

■ **Ano:** 2020 ■ **Duración:** 87 minutos ■ **Xénero:** drama.

■ **Cualificación:** maiores de 12 anos

■ **Sinopse:** Vicente e Mariña chegan para pasar o verán a Ons: el vén dun accidente e as súas consecuencias psicolóxicas, e a viaxe ha de ser un bálsamo para o seu matrimonio. A estancia prolongase a pedimento del, e a medida que os días se van tornando borrascosos, segredos gardados empezan a aflorar.

● **Entrada gratuita con invitación, que se entregará desde unha hora antes do espectáculo, ata completar a capacidade da sala.**



MÚSICA ► Domingo 15 de maio ás 19:30 horas

● **Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)**

Festival folclórico das Letras Galegas


O Concello de Oleiros celebrará o domingo 15 de maio, unha xuntanza de todos os grupos de baile do municipio para conmemorar o día das Letras Galegas que se celebra o 17 de maio, para darlles a oportunidade de xuntarse, despois de dous anos sen facelo e amosar todo o traballo que levan facendo neste tempo de pandemia.

Os grupos invitados a participar son:

- | | |
|-----------------------|---------------------------|
| ■ A Marola de Mera | ■ Os Rueiriños de Nós |
| ■ Dorna de Dorneda | ■ Santaia de Santa Cruz |
| ■ Folliñas de Oleiros | ■ Semente Nova de Perillo |
| ■ Amanexo de Dexo | |

■ Cada un deles contará cun tempo de actuación estimado en 15 minutos e eles mesmos organizarán as pezas coas que queren participar.

● **A entrada é gratuíta, ata completar a capacidade da sala**



TEATRO ► Martes 17 de maio ás 20.00 horas

● **Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)**

Talía Teatro representa A parábola do angazo


■ **Dirección:** Diego Rey

■ **Elenco:** Toño Casais e Artur Trillo

■ **Sinopse:** Unha obra de teatro que quere sacar a lingua a pacer. Imos botar unha ollada ao noso pasado, para poder ter outra perspectiva do noso presente e mesmo mirar de esguello ao que haberá no futuro. Así, rindo a oito, poderemos tirar da nosa lingua para sacala ben fóra e demostrar que aínda ten moito que dicir.

No mundo hai linguas de todo tipo e tamaño. Unhas máis falangueiras, outras máis longas, algunhas tan enormes que enchen a boca, outras tan morniñas que non dan dito nada, e algunhas tan afiadas que mesmo parece que aguilloan ao falar. E entre todas elas está a nosa, a galega.

● **Entrada gratuita con invitación, que se entregará desde unha hora antes do espectáculo, ata completar a capacidade da sala.**



POESÍA e MÚSICA ► Xoves 19 de maio ás 20:30 horas

• Teatro As Torres de Santa Cruz

Epístola de Aldaolado ás neofalantes

■ Dirección: Aldaolado

■ Interpretación: Lucía Aldao e María Lado

■ Sinopse: As poetas Lucía Aldao e María Lado

válense da retransmisión que as caracteriza para poñer sobre a mesa unha reflexión sobre a situación actual da lingua galega e o seu futuro. A combinación de recital de poesía, música en directo, xogos co público e improvisación é sempre característica dos espectáculos de Aldaolado. Nesta ocasión achégannos unha proposta na que unen emotividade e risas, e na que, dunha maneira desenfadada, se permiten rir de todo para facernos reflexionar sobre o que realmente importa.

Desde unha perspectiva crítica e comprometida co idioma, as dúas poetas artellaron este espectáculo onde a poesía, a música e sobre todo o humor -presente na narración oral que o envolve todo- están orientados a reafirmar a nosa lingua como unha lingua moderna, síntoma de coñecemento e cultura e, sobre todo, con moitas primaveras por diante por obra e grazas das persoas neofalantes.

● Desde as bibliotecas municipais invítase ás persoas que desexen asistir con entrada gratuíta, ata completar a capacidade permitida, para que gocen coa palabra e a música destas poetas.



CINE ► Venres 20 de maio ás 20:30 horas • Auditorio da Fábrica (Perillo)

A poeta analfabeta

■ Dirección: Sonia Méndez

■ Guión: Sonia Méndez

■ Reparto: documental

■ Ano: 2020 ■ Duración: 71 min ■ Xénero: documental

■ Sinopse: A poeta analfabeta é unha película documental que retrata a unha muller fascinante: Luz Fandiño. Poeta, activista, feminista, nacionalista e revolucionaria. Aos seus 88 anos Luz é testemuña viva das realidades máis duras do século XX, por ser muller, por ser emigrante, por ser pobre, por ser vermella. Luz é unha muller brava, unha persoa profundamente política e un ser cunha humanidade excepcional. Como entende o mundo esta poeta que a pesar do tremor das mans escribe todos os días? Que a move a tal esforzo? Que a mantén viva?

● Entrada gratuíta con invitación, que se entregará desde unha hora antes do espectáculo, ata completar a capacidade da sala.

